



PROGRAMA BIAL



(Brigadas de Inserción e Actuación Local)

Obxectivos:

Facilitarlles ás persoas desempregadas, con dificultades de inserción laboral, os medios adecuados para mellorar a súa capacitación profesional e persoal mediante a realización de actuacións de mellora da cidade.

Características xerais

Con financiamento exclusivamente municipal, consiste no establecemento de contratos de traballo dun ano de duración (directamente ou en dúas fases de seis meses), en quendas anuais conforme ao que en cada anualidade establezan os orzamentos municipais para este fin.

As contratacións virán acompañadas de procesos formativos adaptados ás necesidades dos/as participantes e das actuacións a realizar.

BIAL vai destinado a colectivos en desvantaxe social respecto a ingresos económicos e a adquisición de formación e experiencia no mercado de traballo. Asignaranse cuotas e criterios de participación para os diferentes colectivos con especiais dificultades de integración. Será fundamental o grao de aproveitamento do programa para a posterior inserción no mercado laboral.

A formación constituirá un pilar esencial no BIAL como instrumento para o seu bo desenvolvemento e para a posterior integración laboral das persoas beneficiarias. Estas recibirán unha formación técnica inicial relacionada co posto de traballo, incluírá módulos de prevención de riscos laborais e educación medioambiental, ao longo do contrato de traballo recibirán formación específica continua con accións de acompañamento á inserción (cursos de competencias persoais, técnicas de busca de emprego, alfabetización, alfabetización telemática...)

Unha comisión formada por representantes das centrais sindicais máis representativas xunto con dous membros do equipo de goberno e técnicos/as municipais participará na selección e control do desenvolvemento do programa